

Descendentes do lat. *solitas* en galego e en especial na obra rosaliana

Segundo o R.E.W.³ de Meyer-Lübke a voz latina *solitas* só deixa descendentes en castelán *soledad* e en portugués *saudade* e desta última forma portuguesa derivou o adxectivo *saudoso*. No Dicionario etimolóxico de García de Diego aparecen como descendentes desa voz latina as mesmas formas citadas por Meyer-Lübke ás que se engade *soidades*, palabra galega tomada do dicionario de Valladares.

Sen dúbida esta palabra latina debeu ser popular na zona occidental da Península Ibérica, xa que sufriu unha evolución fonética normal. Lat. *s o l i t a t e m* sonorizou as súas consoantes xordas e perdeu o -L- intervocálico, de xeito que resultou a forma *soedade*, conservada ata o día de hoxe na fala popular galega e no nivel literario tamén. E *soedade* en ámbolos dous niveis da lingua viuse ás veces reducida a *soedá*.

Pero *soedade* converteu o hiato *oc* no ditongo *oi* desde hai moito tempo, posto que xa nas Cantigas de Santa María (Ed. de W. Mettmann, IV, p. 291) e nos Miragres de Santiago (Ed. de J.L. Pensado, 1958, 53.9) aparecen testemuños de *soidade*, forma moi popular hoxe tanto na fala como na lingua escrita xunto coa súa variante *soidá*.

E por confusión dos ditongos *oi* e *ui* naceu a forma *suidade* que pervive tamén ata o día de hoxe e que é a forma portuguesa que deu orixe ó moderno *saudade*.

Todas estas palabras aparecen recollidas no Dicionario de Valladares (1884) que engade os castelanismos *soledá*, *soledade* e *soledades*, se ben esta última forma aparecía xa nos dicionarios de F.J. Rodríguez (1865) e de Cuveiro (1876).

Na obra galega de Rosalía de Castro (*Cantares Gallegos*, de 1863, pero citamos pola 2ª ed. de 1872, e *Follas Novas*, de 1880) atopamos testemuñadas diversas formas dos derivados de *s o l i t a t e m*: unha vez *soedade*, once veces *soidade* (dez delas en plural) e nove veces *soidá* (delas seis en plural). En total, son vinteun os testemuños tipicamente galegos fronte ás trece variantes de orixe castelá: *soledá* (tres veces), *soledad* (dúas), *soledade* (catro) e *soledades* (catro) que podería representa-lo plural tanto da segunda como da terceira variante. A introducción deste castelanismo debeu ter lugar bastante antes de que Rosalía de Castro o em-

pregara. O citado Valladares recolle uns versos do poeta Alberto Camino onde aparecen as *soledades*:

Meus amigos, triste estou,
moitas soledades teño
da terra que me criou.
¡Mal haja a sorte do deño
que dela che me sacou!...

O sentido primitivo de *s o l i t a t e m*, é dicir, o feito de atoparse soa unha persoa ou, dito doutro xeito, a carencia voluntaria ou involuntaria de compañía, está moi presente na obra rosaliana. Pero poucas veces fala da soedade sen matizar esta acepción con algunha connotación de tristeza ou de dor. No poema número 25 de *Cantares Gallegos*, no cal se nos contan as desventuras e venturas de Vidal, describe Rosalía un currunchito de paz e tranquilidade onde

Nunca o rumor do mundo corrompido,
nunca da louca socied'as vaidades,
nin brillo dos honores fementido
foron trubar tan doçes soledades

(C.G., p. 132).

As *soledades* son neste caso doces porque están case significando un lugar fermoso e pracenteiro para a alma solitaria, pois noutros casos a doce soedade vai acompañada da tristeza como o vemos no poema XV do libro I de *Follas Novas*, onde se vive o paso da situación chea de vitalidade e xuventude á situación da soedade tranquila, acompañada das pequenas cousas, que fai exclamar á poeta:

Que doce, mais que triste
tamén é a soledad!

(F.N., p. 15).

E mesmo noutro poema do libro V de *Follas Novas* prodúcese a soedade nun lugar magnificamente descrito e cheo de encantos naturais que fai pensar ó escritor nunha situación de sentimentos mesturados de tristeza e de dozura, de pracer e de amargura:

¡Que tristeza tan doce!
¡Que soidá tan prácida!
¡Mais para un alma en horfandá sumida
que soidá tan deserta e tan amarga!

(F.N., p. 264-5).

Pero nos demais testemuños no que aparece a soedade vai esta voz acompañada ben de calificativos que indican tristeza ou negrura:

Por eso eu che contaba
en triste soledá,
cando, ¡ay de min! te vía
con eles parolar.

(C.G., p. 68)

Orfo ende que nacera, a sorte triste
déralle por herencia o desconsolo,
coa negra soledá, qu'o probe asiste,
naide na terra se topou tan solo...

(C.G., p. 136)

Nas frías pedras do seu lar sentado
tan váreo movemento contemplaba
de negra soledade acompañado.

(C.G., p. 139)

A emigración y o Rey arrebatánlles de contino o amante, o hirmán, o seu home, sostén da familia de cote numerosa, e así, abandonados, chorando o seu desamparo, pasan a amarga vida antr'as incertidumbres da esperanza, a negrura da soidade y as angustias dunha perene miseria. (F.N., Dúas palabras da autora, p. XXVI-XXVII).

ou ben doutros sustantivos nunha relación de nomes abstractos que indican oposición ós sentimentos pracenteiros:

... nin un pouco d'amor, que donde houbera
pobreza, e soledad'e desventura,
groria, dicha e querer correndo pasan
y a entradaña da porta non traspasan

(C.G., p. 137)

Todo é silencio mudo
soidá, delor,
ond'outro tempo a dicha
sola reinou...

(F.N., p. 70)

Por último, nesta mesma acepción de soedade, está aplicada a voz *Soledade* para a imaxe da Virxe que se atopa na catedral de Santiago segundo se describe no poema titulado "Na catedral" de *Follas Novas*, pp. 28-31. Como pasa con tantos termos relixiosos o castelanismo está presente porque a lingua cultural era entón a lingua castelá.

En fin, do mesmo xeito que Rosalía, son moitos os escritores poste-

riores a ela que fan uso das voces *soedade* ou *soidade* (cada vez menos a forma castelá) para expresa-la idea de carencia de compañía.

Os descendentes de *s o l i t a t e m* poden te-lo valor de lugar deserto ou simplemente de terras non habitadas. No poema número 7 de *Cantares Gallegos* emprega Rosalía de Castro a voz *soledades* neste sentido

Pasín os montes,
montes e valles,
pasín llanuras
e soledades:
pasín os regos
pasín os mares
con pés enxoitos
e sin cansarme.

(C.G., p. 43-44).

E tamén no prólogo da mesma obra explica a nosa poeta canto paga a pena de ser cantado en Galicia:

Cantos, vágoas, queixas, sospiros, seráns, romerías, paisaxes, debesas, pinares, soidades, ribeiras, costumes, todo aquilo en fin que pola súa forma e colorido é dino de ser cantado... (C.G., p. VI).

Pero estas soidades están sobre todo en Castela, onde ela pasou varias etapas da súa vida. Nese mesmo citado prólogo fala concretamente das *soledades* ou deserto de Castela:

Mais eu que atravesei repetidas veces aquelas soledades de Castilla, que dan idea do deserto... (C.G., p. VII).

Esa mesma idea do deserto castelán está presente na súa introdución a *Follas Novas*, que titula “Dúas palabras da autora”, onde fala dos poemas que nos vai presentar:

Escritos no deserto de Castilla, pensados e sentidos nas soidades da natureza e do meu corazón... (F.N., pp. XXIII-XXIV).

E máis adiante nesa mesma introducción volve falar de aquela poesía, que nacendo nas vastas soidades... (F.N., p. XXVIII)

Pero tamén en Galicia hai soidades semellantes ás de Castela. No poema “Pra a Habana” de *Follas Novas* aparecen estas motivadas polas consecuencias desgraciadas que trae consigo a emigración:

Este vaise y aquel vaise
e todos, todos se van,

Galicia, sin homes quedas
 que te poidan traballar.
 Tes en cambio orfos e orfas
 e campos de soledad...

(F.N., p. 214).

E no poema “¡Terra a nosa!”, con título bastante indicativo, temos constancia da existencia da soedade:

Esos varios sendeiros das montañas
 ós fondos vales cán...
 Aló enriva o *sun sun* dos pinos bravos,
 en baixo a doce paz.
 Na cima crara luz, aires purísimos,
 Salvaxen soledá...

(F.N., p. 221).

Hai ademais un par de ocasións en que as soedades poden tanto corresponder ó sentimento de estar sen compañía coma a un lugar solitario. Velaí os exemplos:

¡Adios! Vidán alegre, moñíos e hondonadas,
 Conxo o do craustro triste y as soedades prácidas

(F.N., p. 23)

Etonces non sey que sombras
 quizais de memorias vivas,
 quizais dos frades difuntos,
 pasar en procesión mística
 veu, naquelas soledades,
 que amaba canto temía

(F.N., p. 242).

Como proba da existencia posterior desta acepción noutros escritores posteriores traemos a colación estas frases sacadas de Castelao:

... e dispois un coche de cabalos que nos levou a tombos polo deserto da Pampa. Naquela soedade plantara meu pai unha casa para facerse rico (*Retrincos*, 1934, p. 13).

Xa decorreron moitas horas de andadura, a rolar por soedades... (*Os dous de sempre*, 1934, p. 217).

Cando aínda non sabía gobernarse na soedade dos campos sen camiños... (*Cousas*, I, 1926, p. 44).

Pero os descendentes de s o l i t a t e m acadan ademais o valor de

pena, pesar ou melancolía que se sente pola lembranza dun ben amado (que poden ser persoas, cousas ou a terra patria) do que se carece no momento presente.

Esta acepción aparece bastante testemuñada na obra poética rosaliana. Normalmente emprega neste caso a variante *soidade* ou, mellor dito, *soidades* porque sempre aparece en plural. Na maior parte das veces son as *soidades* causadas polas penas de amor. E para contar estas penas non hai mellor lingua cá galega:

Cantarte hei, Galicia,
na lingua gallega,
consolo dos males,
alivio das penas...
Cal ela ningunha
tan doce que cante
soidades amargas,
sospiros amantes

(C.G., p. 7)

No poema “Campanas de Bastabales” exprésase como en ningún outro o que sente quen ten *soidades* de amor:

Campanas de Bastabales
cando vos oyo tocar,
mórrome de *soidades*...

Que os amores fuxiron,
as *soidades* viñeron...
De pena me consumiron...

Campanas de Bastabales,
cando vos oyo tocar,
mórrome de *soidades*

(C.G., pp. 59, 60, 65)

Tamén no poema que comeza co verso “Pasa, río, pasa río”, explíctase moi ben o significado desta verba:

Si souperas qu’estrañeza,
si souperas que sufrir
desque del vivo apartado
o meu corazón sentiu!
Tal m’acoden as *soidades*,
tal me queren afrixir,
qu’inda máis feras m’afogan,
si as quero botar de min.

(C.G., p. 99)

O enamorado que lembra de cote á súa amada e lle fala como se estivese presente sente soidades:

Nada me distrai, Rosiña,
da pena que por ti sinto;
de día como de noite
este meu corazonciño
contigo de cote fala
porqu'eu falar ben o sinto,
un falar tan amoroso
que me estremeço d'oilo.
Ay! que estrañeza me causa
e ,soidás e martirio,
pois así cal el che fala
quixera falar contigo,
cal outros tempos dichosos
dos nosos amores finos.

(C.G., p. 122)

No poema tan coñecido e citado “Unha vez tiven un cravo” aparecen as soidades cando a poeta tivo o valor de arrincar aquel cravo

d'ouro, de ferro ou d'amor

que tiña no seu corazón atormentándoa. Entón desaparecen os tormentos e a dor, pero

soupen só, que non sei que me faltaba
en donde o cravo faltou,
e seica, seica tiven soidades
d'aquela pena... ¡Bon Dios!

(F.N., p. 10)

Do libro quinto de *Follas Novas* titulado “As viudas dos vivos e as viudas dos mortos”, que podería ser considerado como o libro da emigración, e o poema “Tecén soya a miña tea” que expón as queixas da esposa que pensa no home emigrado e sofre de negras soidades:

Cala rula, os teus arrulos
ganas de morrer me dan,
cala, grilo, que si cantas
sinto negras soidás.
O meu homiño perdeuse,
ninguén sabe onde vay...

(F.N., p. 224)

E citamos por último o caso da muller que perdeu o seu home e non sabe xa que facer neste mundo e por iso exclama:

Soidás me consomen,
vágoas m'alimentan,
sombbras m'acompañan,
cómem'a tristeza.

(F.N., p. 255)

Pero ás veces as soidades son causadas pola perda da terra amada e a lembranza desa terra orixina a pena causada pola separación. No poema “Adiós ríos, adiós fontes” maniféstase estas soidades cando a poeta se despide da súa terra:

Dígoch'este adiós chorando
desd'a veiriña do mar.
Non m'olvides, queridiña,
si morro de soidás...
Tantas légoas mar adentro...
¡Miña casiña! ¡meu lar!

(C.G., p. 82).

O mesmo tema de sentirse lonxe da terra vólvese repetir no poema “Airíños, airíños aires”:

Sin ela vivir non podo,
non podo vivir contenta,
que a donde queira que vaya,
cróbeme unha sombra espesa,
cróbeme unha espesa nube,
tal preñada de tormentas,
tal de soidás preñada,
que a miña vida envenena.

(C.G., p. 87)

De Follas Novas é o poema titulado “Tristes recordos” que ten como escenario da acción a paisaxe castelá que por contraste fai á nosa poeta lembrarse da súa terra galega:

Pechei os ollos e vin...
Vin fontes, prados e veigas
tendidos ó pé de min.

Mais cand'a abrilos tornei,
morrendo de soidades,
toda a chorar me matei

(F.N., p. 129).

E por último témo-lo caso de quen morre de soedades na vila pensando na aldea abandonada:

De soidás morríase,
na vila sospirando pola aldea,
asombrábana as casas cos seus muros
e asombrábana as torres e as igrexas.

(F.N., p. 259).

Outros escritores adoitan empregar tamén esta voz para expresa-lo mesmo sentimento nostálxico dun amor perdido ou da patria lonxana. Poñamos como testemuño dúas citas de Castelao:

Dille ao meu amor que teño soedades! (*Os vellos non deben de namorarse*, 1953, p. 72).

O “lonxe da Terra” aínda é unha doenza do sentimento, que fai chorar de soedade aos emigrantes galegos (*Sempre en Galiza*, 1961, p. 12).

Pero, se ben as *soedades*, como sentimento nostálxico están aínda vivas, existe ademais a voz portuguesa *saudade* para expresar esta mesma pena ou dor.

No poema 18 de *Cantares Gallegos* usa Rosalía de Castro este portuguesismo:

Ela honesta está escoitando.
Mais con sospiros responde,
qu’aló garda non sei donde
saudades de non sei cando.

(C.G., p. 95-96).

E no poema 25 do mesmo libro:

Ceo azul, sol d’amor, campo frorido,
santa paz sin remorso nin saudades,
horas que van mainiñas camiñando,
tal alí tempo e vida iban pasando.

(C.G., p. 133)

O éxito da voz *saudade* foi moi grande entre os escritores galegos, a pesar das palabras de Castelao que sinalan a existencia das voces galegas *soedade* e *soidade*:

En Galiza corre como propia a verba “saudade”; pero os galegos aínda adoitamos a decir “soedade” ou “soidade” para expresarmos o mesmo sentimento (*Sempre en Galiza*, 1961, p. 355).

Pero a pesar dese coñecemento das voces galegas Castelao usa moito máis o portuguesismo *saudade*.

Os adxectivos correspondentes á *soedade* ou *soidade* son *soedoso* e *soidoso*. Aparecen nos dicionarios galegos e nalgúns corresponden ás tres acepcións en que repartiamo-los significados dos sustantivos. Sen embargo nos de Eladio Rodríguez González e de Franco Grande desapareceu a acepción de “nostálxico” e queda soamente o valor de solitario. Esta última acepción está dada só para a voz *saudoso*.

Con todo, *saudoso* está rexistrado no dicionario de Valladares coa acepción de saudable, que restablece a saúde e de proveitoso. Pero no Vocabulario popular de Filgueira e outros e no de Carré Alvarellos está engadida a acepción de nostálxico. E posteriormente, como dicíamos, nos de Eladio Rodríguez González e Franco Grande queda eliminada a acepción primitiva e *saudoso* pasa a ser exclusivamente “o que produce saudade”, “dícese da persoa que ten saudades ou que as sente” e “nostálxico”.

Sen embargo Rosalía emprega esta no seu sentido normal como sinónimo de “saudable”. Véxase no poema que empeza “Rico ou pobre algún día” como nos versos

sin que dado lle sea
beber do olvido nas saudosas auguas,
(F.N., p. 27)

está claro este sentido de saudable. Tamén no poema titulado “Bos amores” fala dos amores desexables e suaves que

e sin romor nin queixa, nin choros, nin cantares,
brandos así e saudosos, cal alentar dos ánxeles,
en nos encarnan puros...
(F.N., p. 37)

onde se ve como *saudosos* ten o mesmo significado de saudable. E outro testemuño desta verba témolo nos seguintes versos do poema “O encanto da pedra chan”:

sopran unhas brisas repousadas,
soaves e saudosas,
cal promesas compridas, s’esperadas.
(F.N., p. 192)

Pero hoxe *saudoso* cedeu a saudable o seu valor primitivo e está cargado da connotación de ‘*saudade*’.

En conclusión, os descendentes do lat. *s o l i t a t e m*, están vivos na lingua popular e literaria nos sentidos xa citados. O castelanismo *soledade* está presente circunstancialmente e hoxe o portuguesismo *saudade* está arrombando a terceira acepción de *soedades* ou *soidades*.

CONSTANTINO GARCIA

Universidade de Santiago